

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 26 DE SETEMBRO DE 2022

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D^a. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Armoso (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G. Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as trece horas e doce minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e dous, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de dar continuidade aos protocolos de seguridade e saúde inicialmente establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 01/08/2022

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á citada acta.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 27/2022 AO 29/2022

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NEDA

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“ASUNTO: PROPOSTA DE NOVA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL DE NEDA PARA INCLUIR A BONIFICACIÓN DO 100% NA COTA DA ATENCIÓN EDUCATIVA E REGULAR OUTROS ASPECTOS EN CANTO A IMPORTES DE TARIFAS E DESCONTOS,

REDUCCIÓNS E EXENCIÓNS

EXPEDIENTE TEDEC Nº: 2022/G014/000001

Tendo en conta o establecido no artigo 23.Seis da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que engade unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, co obxecto de conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, e visto que no seu punto segundo resulta aplicable ás entidades locais titulares de escolas infantís de 0-3 anos, este Concello aprobara no ano 2021 a modificación correspondente na Ordenanza municipal.

Segundo se establece na Orde do 22 de xullo de 2022, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23, vense a continuar coa consecución dos obxectivos de impulso demográfico e de conciliación, así como de apoio ás familias galegas, para favorecer o acceso á atención educativa 0-3 en condicións de equidade.

En base ao anterior, para o ano 2022, e a través do disposto no artigo 29.Dous da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engádesse un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, que establece que, co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022/23, se estenderá o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle.

Considerando entón ese equipo de goberno que de novo existen razóns de interese público que permiten fixar unha bonificación do 100% da atención educativa a todos os fillos/as, con independencia do número de orde que ocupen na descendencia da unidade familiar.

Tendo en conta que o Concello de Neda, en base á ORDE do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 202/23, aplicará o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia.

E aplicando de novo razóns de tipo social, de facilitar a conciliación da vida laboral e persoal das familias e como estímulo para tratar de fixar poboación no noso concello,

Previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno Municipal, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o novo texto da Ordenanza reguladora do prezo

público da escola infantil municipal de Neda nos termos que se menciona a continuación; de xeito tal que quedaría derogada a Ordenanza anterior, aprobada polo Concello de Neda en sesión ordinaria do día 29 de maio de 2017 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 140 do 26 de xullo de 2017.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NEDA

Artigo 1. FUNDAMENTO LEGAL

De conformidade co establecido no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Neda establece o prezo público pola prestación do servizo de atención educativa do primeiro ciclo de educación infantil que se regulará segundo o disposto nos artigos 41 a 47 da citada Lei e polo preceptuado na presente Ordenanza.

Artigo 2. OBXECTO

A presente Ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o establecemento e cobro do prezo público pola prestación de servizos dirixidos ao Primeiro Ciclo de Educación Infantil polo Concello de Neda, mediante xestión indirecta, da Escola Infantil Municipal.

Artigo 3. OBRIGACIÓN DE PAGO

A obrigación de pago do prezo público regulado por esta Ordenanza nace desde a data en que o neno cause alta na Escola Infantil, unha vez formalícese a matrícula ou inscrición.

Artigo 4. OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público e as cotas mensuais os pais, nais e titores ou representantes legais ou quen exerza a patria potestade sobre os menores aos que se lles presta o servizo que constitúe o obxecto deste prezo público.

Artigo 5. TARIFAS

O Concello de Neda, en base á ORDE do 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 202/23, aplicará o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta de Galicia, de acordo co seguinte detalle:

1) Prezo da atención educativa.- O prezo pola atención educativa en xornada completa na escola infantil de Neda fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda *per cápita* mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en diante IPREM. Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

- a) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.
- c) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cen do IPREM. Prezo da praza:
con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cen do IPREM. Prezo da praza con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.
- f) Rendas superiores ao 200 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26 €.

2) Prezo dos servizos complementarios:

a) Servizo de comedor: fíxase un importe de 74,05 euros mensuais. Para o caso dos/as nenos/as que non empreguen habitualmente o servizo e que desexen utilizalo algún día con carácter solto aboarán a contía de 4,23 euros por día. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

b) Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora solta en que se incremente o horario normal será de 21,16 euros. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

As familias que desexen acollerse puntualmente ao servizo da escola infantil en horario ampliado deberán comunicalo á Dirección da Escola con suficiente antelación e polo menos á primeira hora da mañá dese mesmo día.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 6. PAGO

1.- O pago do importe do prezo público realizarase a través do recibo do mes en curso, mediante domiciliación bancaria que se cargará durante a primeira semana de cada mes. En caso dun recibo impagado ou devolto, procederase a notificarse ao obrigado ao pago a débeda pendente que ten contraída, requiríndose a cancelación da mesma o máis axiña posible.

Se transcorrido o prazo de SETE DÍAS, a contar desde o seguinte ao requirimento, non a satisfíxese, procederase á baixa provisional, que será definitiva desde o momento que se deban dúas mensualidades.

As altas que se produzan dentro dos primeiros sete días de cada mes, deberán abonar o

100% da cota. No caso de que estas se produzan despois desta data, deberase pagar a parte proporcional da cota mensual.

1. A non asistencia non é causa de exención, nin de redución ou rateo do importe da cota, non xerando, por tanto, devolución de ingresos indebidos.

2.-As baixas voluntarias que se produzan durante o curso deberán comunicarse por escrito á Dirección da Escola Infantil polo menos con QUINCE DÍAS de antelación, e esta deberá notificalo de inmediato á Consellería de Servizos Sociais deste Concello, sen que se teña dereito á devolución ou desconto da parte proporcional da cota do mes en curso.

3.-Non se procederá en ningún caso á devolución da matrícula.

Artigo 7. BONIFICACIÓNS, EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E SUSPENSIÓN TEMPORAL DA COTA

A)Atendendo á posta en marcha pola Xunta de Galicia, da medida de gratuidade da atención educativa para todo o alumnado das escolas infantís a partir do comezo do curso académico 2022/2023, o Concello de Neda bonificará o 100% do prezo público pola atención educativa na xornada ordinaria para os/as fillos/as da unidade familiar, a partir do curso escolar 2022/2023, e durante un máximo de 11 meses do curso escolar.

Esta bonificación manterase no caso de ser concedida a subvención establecida na Orde anual da Consellería de Política Social e Xuventude para o funcionamento e gratuidade das escolas infantís, en aras do establecido para cada ano pola Lei de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

B) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto 5, aplicaranse os seguintes descontos en comedor e horario ampliado, que non son acumulables entre si:

Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

- a) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.
- b) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.
- c) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o menor ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar do dito mes terá un desconto do 50%.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

C) Exencións

a) As familias cunha renda *per cápita* igual ou inferior a 7.500 euros anuais desfrutarán da exención total da cota a partires da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.

b) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda desfrutarán, así mesmo, da exención total da cota

D) Suspensión temporal da cota:

1.-O mes de vacacións anual da/o nena/o. En aqueles casos en que as vacacións sexan desfrutadas por quincenas o desconto farase efectivo cando se teña desfrutado a segunda quincena.

2.-Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 4 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

a) Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro.

Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o concello, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o órgano competente do concello acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

Artigo 8. REMISIÓN INFORMATIVA

O presente prezo público se rexerá, en todo o non previsto no presente texto regulador, pola Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Neda, polo Regulamento do servizo da Escola Infantil municipal, e supletoriamente a efectos interpretativos, a regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica.

Artigo 9. DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Á entrada en vigor da presenta Ordenanza quedará derogada no seu anterior texto a Ordenanza aprobada polo Concello de Neda en sesión ordinaria do día 29 de maio de 2017 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 140 do 26 de xullo de 2017.

Artigo 10. DISPOSICIÓN FINAL E ENTRADA EN VIGOR.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e continuará en vigor ata a súa modificación ou derogación.

SEGUNDO: De acordo co previsto no artigo 49 da LRBRL este anuncio de aprobación provisional sométase a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no BOP, taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a contar dende a inserción no BOP, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: De non presentarse reclamacións este anuncio provisional entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario, entrando en vigor unha vez se publique definitivamente o texto completo da modificación aprobada no BOP.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta, que queda convertida en acordo.

4º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2021

Ditaminado pola Comisión Especial de Contas o expediente da Conta Xeral do exercicio 2022 na sesión celebrada o día 4 de xullo de 2022, levouse a cabo a súa exposición pública a través de anuncio publicado no BOP nº 128 do día 7 de xullo de 2022.

Transcorrido xa o prazo de exposición pública, e co fin de remitir a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia antes do día 15 de outubro de 2022, procede agora sometela a aprobación do pleno municipal.

En base ao anterior, esta alcaldía propón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2021 do Concello de Neda, de cuxo contido plásmanse a continuación as seguintes magnitudes contables e orzamentarias:

a) Balance de Situación.

| CONCEPTO | IMPORTE |
|----------|----------------|
| ACTIVO | 30.538.322,46€ |
| PASIVO | 30.538.322,46€ |

O Balance amósanos, nun momento dado de tempo (neste caso, a 31 de decembro de 2021), os bens e dereitos a favor da entidade que forman o seu activo e as obrigas en que incorreu para conseguilo, que serían o seu pasivo. A diferenza entre ambas masas mostra o patrimonio pertencente á entidade.

Dende un punto de vista económico, o balance mostra as fontes de financiamento e o investimento ou aplicación dada a ese financiamento. O Plan Xeral de Contabilidade adaptado á Administración Local establece que o Balance comprende coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade. E na súa formulación debe terse en conta todo o regulado no apartado 6º da terceira parte do plan dedicado ao balance.

No cadro anterior móstrase como o balance de situación do Concello de Neda a 31 de decembro de 2021 ascende, tanto no activo como no pasivo, a 30.538.322,46€, importe superior en torno a un 1,822% á cifra correspondente ao ano 2020 (29.991.842,03 €).

No activo, os incrementos prodúcense en contas de inversión e (como xa ven sucedendo en anos anteriores), fundamentalmente, no inmovilizado de construcións, infraestruturas (sobre todo) e outro inmovilizado material.

Neste exercicio 2021 tamén houbo un aumento considerable no activo circulante, concretamente da tesoureira municipal, debido a que xa no exercicio anterior a cifra aumentara respecto ao ano precedente, pero sobre todo polo feito de que durante o exercicio 2021 apenas se empregou o aforro xerado en anos anteriores, e que se atopaba na cifra do remanente de tesourería para gastos xerais, co fin de financiar novos ou maiores gastos. A execución do exercicio cubriuse a través dos recursos que constaban no orzamento do Concello, tendo en conta que algunhas Administracións aumentaron as subvencións e transferencias xiradas como consecuencia da situación extraordinaria de emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19.

Neste exercicio, e a diferenza do que sucedera no precedente, diminuíron os debedores pendentes de cobro en torno a 90.000,00€.

En todo caso, é necesario seguir traballando sobre os pendentes de cobro de exercicios pechados, a fin de facelos efectivos ou adoptar os acordos necesarios para evitar a súa prescrición. Toda vez que, como xa se ven indicando en anos anteriores, cómpre ter en conta que tal cifra do pendente de cobro tamén se nutre dos ingresos correntes do exercicio que quedan pendentes de cobro debido á forma de contabilizar, por exemplo, ingresos por subvencións, de xeito tal que se produce o recoñecemento do

ingreso no momento en que se envía a xustificación da subvención.

A diferenza máis importante no activo circulante está na cifra do efectivo en bancos a 31.12.2021 que experimenta un aumento de 296.482,24€, polo xa comentado nun parágrafo anterior.

No apartado do pasivo incrementábase o patrimonio como consecuencia, sobre todo, da variación á alza que experimenta a conta que recolle os resultados do exercicio. Tamén hai un aumento no apartado de subvencións recibidas pendentes de imputar a resultados. E, así mesmo, hai un incremento nas débedas a curto prazo que aparecen no balance de situación, debido ao incremento que presentan as contas de acredores a curto prazo (outras contas a pagar) como consecuencia de as obrigas de exercicios pechados que están pendentes (e que habería que depurar) e a existencia de acredores non orzamentarios, así como o relativo aos pendentes de aplicación.

O apartado de subvencións pendentes de imputar a resultados é consecuencia (igual que xa sucedía nos exercicios anteriores) da nova forma de levar a cabo o control e seguimento de subvencións a aplicar a partires da entrada en vigor da nova norma contable.

b) Conta do resultado económico-patrimonial.

Esta conta amósanos o resultado económico-patrimonial do exercicio e está formada polos ingresos e polos gastos do mesmo, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio neto de acordo co previsto nas normas de recoñecemento e valoración.

A diferenza entre ambas partes é o resultado do exercicio, que será de aforro se os ingresos e os beneficios contables son maiores que os gastos e perdas; ou desaforro se sucede o contrario. No exercicio 2020 houbera un aforro moi elevado, 819.746,24€ - 40.773,33€ de axustes (fronte aos de 143.541,68€ que resultarían no ano 2019), suma do aforro derivado de operacións non financeiras e o aforro das operacións financeiras. E agora, con ocasión da execución do exercicio 2021, resultou unha cifra de aforro de 398.237,45€; cifra inferior á alcanzada no ano 2020.

En liñas xerais o que sucedeu foi que os ingresos de xestión ordinaria aínda que foron superiores aos gastos de xestión ordinaria, tamén o foron nunha cifra moi inferior á alcanzada no ano 2020, debido a maiores dereitos recoñecidos en 2020 no caso dos impostos e das taxas. Todo isto é consecuencia tamén da forma en que se imputan os ingresos que son liquidados pola Deputación Provincial como entidade que ten encomendada a xestión recadadora dos impostos do Concello, e a recadación executiva das taxas municipais. E sobre todo resulta como consecuencia do criterio que se aplica á hora de imputar a recadación de pechados.

En liñas xerais, a comparativa entre os dous exercicios, mostra que os ingresos de xestión ordinaria diminuíron en torno aos 269.000,00€, e os gastos ordinarios aumentaron en torno aos 224.000,00€. De aí esa diferenza de 380.735,46€ respecto do resultado axustado da xestión ordinaria do exercicio anterior.

En relación aos incrementos previstos en taxas e transferencias, cómpre ter en conta o criterio de imputación de tales dereitos ao orzamento, como xa se indicou anteriormente. Consecuencia disto último, en relación aos ingresos por subvencións e transferencias, os ingresos que se producen na imputación de subvención para activos correntes compénsase coa diminución producida nas transferencias.

No apartado de operacións financeiras o resultado tamén foi positivo, e un pouco superior ao alcanzado o ano anterior.

c) Estado de liquidación do orzamento.

O Estado de liquidación do Orzamento obtense con anterioridade ao resto de estados e contas que integran a Conta Xeral. O RD 500/1990, de 20 de abril, establece que o peche e liquidación dos Orzamentos da Entidade Local efectuarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural, debendo confeccionarse os estados demostrativos da liquidación antes do 1 de marzo, para que durante ese mes poida aprobarse, previo informe de Intervención, e remitirse á Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda antes de que finalice o mes.

Pola súa parte, a Conta Xeral debe someterse a informe da Comisión Especial de Contas antes do 1 de xuño e nada di dela o regulamento orzamentario, sendo o TRLRFL e as Instrucións de Contabilidade o marco normativo da Conta Xeral.

O Estado de Liquidación do Orzamento comprende a liquidación do orzamento de gastos e do orzamento de ingresos, e o resultado orzamentario. No cadro seguinte móstranse resumidos os datos obtidos para o exercicio 2021.

En relación á liquidación do Orzamento, esta Intervención remítese aos informes emitidos o día 14 de xaneiro de 2022, con ocasión da fiscalización do dito expediente.

En todo caso, e de acordo cos estados contables, **o resultado orzamentario** presenta o seguinte desagregado:

| CONCEPTO | DEREITOS NETOS | OBRIGAS NETAS | SALDO |
|---|---------------------|---------------------|-------------------|
| Operacións correntes | 4.536.099,64 | 4.156.978,98 | 379.120,66 |
| Capítulo 6 | 0,00 | 340.528,66 | - 340.528,66 |
| Capítulo 7 | 112.284,02 | 0 | 112.284,02 |
| TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS | 4.648.383,66 | 4.497.507,64 | 150.876,02 |

| | | | |
|--|---------------------|---------------------|-------------------|
| Activos Financeiros | 4.032,00 | 4.032,00 | 0,00 |
| Pasivos Financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS | 4.032,00 | 4.032,00 | 0,00 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO TOTAL | 4.652.415,66 | 4.501.539,64 | 150.876,02 |
| Desviacións negativas financiación (+) | | | +94.762,78 |
| Desviacións positivas financiación (-) | | | -34.204,53 |
| Gtos financiados con remanente líquido de tesourería | | | 16.923,80 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO | | | 228.358,07 |

A cifra que arroxa o RP do Concello no exercicio de 2021 antes de axustes é positiva en 150.876,02 (cifra positiva, pero moi inferior á alcanzada no exercicio anterior, que foi de 587.562,33€), xa que os ingresos liquidados foron superiores ás obrigas liquidadas no exercicio. O Resultado experimenta un aumento, unha vez practicados os axustes esixidos pola norma, e que xa foron descritos anteriormente; sendo a cifra do resultado orzamentario axustado de signo positivo e dun importe de **228.358,07€** (no exercicio 2020 o importe fora de 634.484,57€).

No informe emitido con ocasión da aprobación da liquidación do exercicio 2021 fíxose unha análise máis completa da execución do orzamento de gastos e ingresos, polo que me remito ao mesmo.

d) Estado de liquidación do orzamento demostrativo dos dereitos a cobrar e obrigas a pagar procedentes de exercicios pechados:

Estado de liquidación do orzamento demostrativo dos dereitos a cobrar procedentes de exercicios pechados:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|--|-------------|
| Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 01-01-2021 | 852.669,39 |
| Rectificación en dereitos pendentes de cobro durante o exercicio | - 40.472,51 |
| Dereitos anulados de exercicios pechados por anulación de liquidacións | 300,82 |
| Dereitos anulados por prescrición | 0,00 |
| Dereitos anulados por insolvencias e outras causas | 126,31 |
| Cobros durante o exercicio | 583.901,90 |
| Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 31-12-2021 | 268.340,36 |

Do anterior resulta que se cobrou o 68,51 (66,59% no exercicio 2020) do total de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, quedando pendente de cobro o 31,49 (33,41% no exercicio 2020). Como pode verse, estas porcentaxes son moi similares ás alcanzadas no exercicio anterior para a execución do orzamento de exercicios pechados. En consecuencia, hai que seguir traballando na realización destes dereitos pendentes de

cobro, pois do contrario causaríase un prexuízo económico á facenda municipal.

En relación ao tema modificación de dereitos, podería levarse a cabo un control financeiro a través do cal se poida facer unha análise máis completa ao respecto, pero para elo deberá incluírse no respectivo plan de control. De momento a fiscalización dos ingresos e tendo en conta o disposto nas bases de execución, substitúese pola toma de razón en contabilidade.

Estado de liquidación do orzamento demostrativo das obrigas a pagar procedentes de exercicios pechados:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|-----------|
| Obrigas e pagos ordenados pdtes pago exercicios pechados a 01-01-2021 | 93.073,20 |
| Rectificación obrigas pdtes e en pagos ordenados durante o exercicio | 0,00 |
| Prescricións | 0,00 |
| Pagos durante o exercicio | 6.472,95 |
| Obrigas e pagos ordenados pdtes pago de exerc. pechados a 31-12-2021 | 86.600,25 |

En consecuencia, pagouse o 6,95%. Tales pagos corresponden coas obrigas pendentes do ano 2020. Así pois, corresponderá levar a cabo unha depuración das obrigas de exercicios pechados, sobre todo das que figuran dos anos 2005 ata 2016.

e) Estado do Remanente de Tesourería.

O detalle que presenta esta magnitude neste exercicio 2021 é a seguinte:

1 (+) Debedores pendentes de cobro:

-De Pto. Corrente..... 541.429,73
-De Ptos. Pechados.....268.340,36
-De operacións non presupostarias.....0,00
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva.....(155.117,08)

2 (-) Acredores pendentes de pago:

-De Pto. Corrente..... .11.386,25
-De Ptos. Cerrados.....86.600,25
-De operacións non presupostarias.....119.525,93

| | |
|---|---------------------|
| (+) Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva..... | (200,00) |
| 3 (+) Fondos Líquidos na Tesourería en fin de exercicio..... | 1.094.449,01 |
| 4 Remanente de Tesourería Total..... | 1.531.789,59 |
| 5 Saldos de dubidoso cobro..... | (100.202,69) |
| 6. Exceso de Financiación Afectada..... | (0,00) |
| 7. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais..... | 1.431.586,90 |

Así pois, e como pode observarse, obtense un **Remanente de Tesourería para Gastos Xerais positivo por importe de 1.431.586,90 euros, un pouco superior á alcanzada no exercicio 2020 (1.326.673,20 euros), superior tamén á alcanzada o ano 2019 (756.818,99€), pero similar a obtida en 2018 (1.298.973,45 euros).**

f) Débeda viva a 31/12/2021

| ESTADO DE SITUACION E MOVEMENTO DA DEBEDA MUNICIPAL | | | | | | | | | | |
|--|---|---------------------|---------------------|---------------------|-------------------|---------------|-------------|------------------|------------------|-------------------------|
| 1.- CÁLCULO DAS ANUALIDADES TEÓRICAS DE AMORTIZACIÓN DOS PRÉSTAMOS: | | | | | | | | | | |
| 1.1 PRÉSTAMOS VIVOS O 31/12/2021: | | | | | | | | | | |
| | Préstamo | Capital | Xuros anuais | Anos amortiza. | Cotas ano | Total cotas | Xuros/cotas | Importe cota | Anualidade | Capital vivo 31/12/2019 |
| | PAI DIPUTACION 2015 | 140.112,09 | 0,00000 | 10,00 | 1,00 | 10,00 | 0,00 | 14.011,21 | 14.011,21 | 140.112,09 |
| | PAI DIPUTACION 2016 | 121.877,24 | 0,00000 | 10,00 | 1,00 | 10,00 | 0,00 | 12.187,72 | 12.187,72 | 121.877,24 |
| | PAI DIPUTACION 2017 | 104.106,36 | 0,00000 | 10,00 | 1,00 | 10,00 | 0,00 | 10.410,64 | 10.410,64 | 104.106,36 |
| | TOTAL | 366.095,69 | 0,00 | 30,00 | 3,00 | 30,00 | 0,00 | 36.609,57 | 36.609,57 | 366.095,69 |
| 1.2.- PRÉSTAMOS PROXECTADOS | | | | | | | | | | |
| | Préstamo | Capital | Xuros anuais | Anos amortiza. | Cotas ano | Total cotas | Xuros/cotas | Importe cota | Anualidade | Capital vivo |
| | Prevision indebedamento 2019 | 0,00 | 0,00000 | 10,00 | 4,00 | 40,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Prevision indebedamento 2020 | 0,00 | 0,00000 | 10,00 | 4,00 | 40,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Prevision indebedamento 2021 | 0,00 | 0,00000 | 10,00 | 4,00 | 40,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | TOTAL | 0,00 | 0,00 | 30,00 | 12,00 | 120,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 1.3. TOTAL ANUALIDADES VIVAS E PROXECTADAS: | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | 36.609,57 | 36.609,57 | |
| 2.- CÁLCULO AFORRO NETO e CÁLCULO OS EFECTOS DA AUTORIZACIÓN: | | | | | | | | | | |
| DEREITOS RECONECIDOS CORRENTES (CAP. 1 ó 5) | | | | | | | | | | |
| | | | | | 4.536.099,64 | | | | | |
| OBRIGAS RECONECIDAS CORRENTES (CAP. 1, 2 e 4) (*) | | | | | | | | | | |
| | | | | | 4.153.763,69 | | | | | |
| (*) (en incluír as derivadas de modificacións de crédito, financiadas con remanente líquido de tesourería) | | | | | | | | | | |
| SUMA ANUALIDADES TEÓRICAS: | | | | | | | | | | |
| | AFORRO BRUTO: | | | | 362.335,95 | | | | | |
| | AFORRO NETO | | | | 345.726,38 | | | | | |
| | % AFORRO NETO SOBRE D.D.R. PPTO. CTE. | | | | 7,62 | | | | | |
| LIQUIDACION PPTO. E EXECUCIÓN 2019 A 2021: | | | | | | | | | | |
| | INGRESOS | DER. LIQUI-19 | DER. LIQUI-20 | DER. LIQUI-21 | | | | | | |
| | Capítulo 1 | 1.234.813,13 | 1.268.895,71 | 1.096.773,22 | | | | | | |
| | Capítulo 2 | 37.052,10 | 51.340,10 | 54.473,32 | | | | | | |
| | Capítulo 3 | 846.780,54 | 959.147,62 | 904.346,51 | | | | | | |
| | Capítulo 4 | 2.219.532,80 | 2.430.637,21 | 2.480.506,59 | | | | | | |
| | Capítulo 5 | 46,13 | 0,00 | 0,00 | | | | | | |
| | Total | 4.338.224,70 | 4.709.820,64 | 4.536.099,64 | | | | | | |
| | GASTOS | OBR.RECO-19 | OBR.RECO-20 | OBR.RECO-21 | | | | | | |
| | Capítulo 1 | 1.023.772,74 | 965.070,83 | 939.431,95 | | | | | | |
| | Capítulo 2 | 2.973.655,29 | 2.794.538,31 | 2.982.317,39 | | | | | | |
| | Capítulo 4 | 148.156,61 | 165.155,77 | 232.014,35 | | | | | | |
| | Total | 4.145.584,64 | 3.924.764,91 | 4.153.763,69 | | | | | | |
| Débeda viva, incluíndo a proxectada. | | | | | | | | | | |
| | | | | | 366.095,69 | | | | | |
| % Débeda viva sobre dereitos liquidados | | | | | | | | | | |
| | por operacións ctes liquidados netos (máximo 75 %; equivalente 3,8% PIB E*) | | | | 8,07 | | | | | |
| 1 - Importe da operación proxectada | | | | | | | | | | |
| | | | | | 0,00 | | | | | |
| % operación proxectada sobre rec. correntes. | | | | | | | | | | |
| | | | | | 0,00 | | | | | |
| 2 - Carga financeira | | | | | | | | | | |
| | | | | | 36.609,57 | | | | | |
| % carga financeira sobre recursos correntes. | | | | | | | | | | |
| | | | | | 0,81 | | | | | |

g) Cálculo do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Para que exista unha situación de capacidade de financiamento a suma dos capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos deberá ser superior á suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, unha vez practicados os axustes que correspondan; e sempre e cando a diferenza entre a suma dos capítulos 8 e 9 de ingresos e a suma dos capítulos 8 e 9 de gastos sexa negativa; é dicir, os ingresos financeiros non superarán aos gastos financeiros, como medida de contención do endebedamento.

Así, a diferenza entre os dereitos e obrigas recoñecidas dos capítulos 1 ao 7 (non financeiros), unha vez efectuados os axustes en termos de contabilidade nacional, presenta o seguinte detalle:

| CONCEPTOS | IMPORTES |
|---|---------------------|
| a) Ingresos liquidados capítulos. I a VII presupuesto corriente | 4.648.383,66 |
| b) Créditos liquidados capítulos I a VII presupuesto corriente | 4.497.507,64 |
| c) TOTAL (a – b) | 150.876,02 |
| AJUSTES | |
| 1) Ajustes recaudación capítulo 1 | + 137.923,65 |
| 2) Ajustes recaudación capítulo 2 | -3.550,49 |
| 3) Ajustes recaudación capítulo 3 | - 33.136,94 |
| 4) Ajuste por liquidación PIE-2008 | 10.082,16 |
| 5) Ajuste por liquidación PIE-2009 | 7.833,48 |
| 6) Ajuste por liquidación PIE-2019 | 1.459,31 |
| 7) Ajuste imputación ingresos capítulos 4 y 7 (4.785,29€ difer PTE diciembre 2020 e 2021 e subv. non aceptadas – 6.000,00€) | - 1.214,71 |
| 7) Ajuste por devengo de intereses | 0,00 |
| 8) Ajuste por arrendamiento financiero | 0,00 |
| 9) Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto | 0,00 |
| 10) Ajuste por devoluciones de ingresos pendientes de imputar a presupuesto | 0,00 |
| d) Total ajustes presupuesto liquidado 2021 | |
| e) Ajuste por operaciones internas | 0,00 |
| f) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c + d + e) | + 270.272,48 |

Así pois, da análise da liquidación do orzamento do exercicio 2021, en base aos gastos e ingresos non financeiros, e tendo en conta os axustes practicados segundo o establecido no manual da IGAE elaborado a tal efecto, resulta que **o Concello de Neda presenta un SUPERÁVIT de 270.272,48€**; por canto que a diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, coa aplicación dos axustes correspondentes, é positiva.

h) Regra de gasto.

Segundo os cálculos efectuado con ocasión da liquidación do exercicio 2021, resulta o seguinte:

- O Concello de Neda, con ocasión da liquidación do exercicio 2021 tería cumprido co límite do gasto computable calculado no momento de aprobar o Orzamento do exercicio 2021 (segundo as premisas de traballo expostas no dito expediente), e que se situaba en 3.556.337,88 €; e tería alcanzado un importe de gasto non financeiro de 4.497.507,64, superior en 169.184,35€ ao previsto no momento de elaborar o Orzamento (4.328.323,29€).

| Regla de Gasto liquidación 2021 - GASTO COMPUTABLE | IMPORTE |
|--|---------------------|
| 1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros | 4.497.507,64 |
| 2. Ajustes SEC (2019) | 0,00 |
| 3. Total empregos no financeiros términos SEC excepto intereses de la deuda (1 +/- 2) | |
| 4. Transferencias entre unidades que integran la Corporación local (-) | 0,00 |
| 5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) | 1.380.228,14 |
| 5. Gasto financiado con superávit (-) | 0,00 |
| 6. Total Gasto computable del ejercicio | 3.117.279,50 |
| 7. Tasa de variación del gasto computable (6 x1,5%) | |
| 8. Incrementos de recaudación (2021) (+) | 0,00 |
| 9. Disminuciones de recaudación (2021) (-) | 0,00 |
| 9. Límite de la Regla de Gasto 2021 = 6+7+8-9 | 3.117.279,50 |
| Límite máximo de gasto objetivo 2020 PEF 2019-2020 (no aplicable tras suspensión reglas fiscales) | 3.379.120,75 |
| Gasto computable resultante da liquidación 2020 | 3.016.431,84 |

EL SENTIDO DEL INFORME:

| | |
|--|-------------|
| Diferencia entre el Gasto computable Pto. 2020 y 2021 | -100.847,66 |
| Diferencia entre el "Límite máximo de gasto objetivo 2020 PEF vigente" y el Gasto computable Pto. 2019 | |
| % Incremento Gasto computable 2021/2020 | -0,0334 |

SEGUNDO: Render a Conta Xeral do exercicio 2021 ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo).

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á Conta Xeral do exercicio 2021, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, 3 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e cincuenta e un minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral